

8 M

2023

Día Internacional
da Muller

UGT 

| | | | | | | | | | | |
|---|---|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|---|---|
| R | E | S | P | E | C | T | O | R | E | Z |
| D | Q | E | R | F | I | H | A | L | P | S |
| I | M | U | R | G | E | N | T | E | J | A |
| G | E | N | H | A | Z | W | O | A | S | L |
| U | Z | I | A | Ñ | U | R | D | R | X | A |
| A | B | D | W | A | D | P | A | M | N | R |
| L | N | A | B | M | S | U | S | M | U | I |
| D | T | S | O | O | T | G | Q | P | B | O |
| A | I | J | K | S | C | I | S | E | A | P |
| D | R | U | W | I | B | R | E | C | H | A |
| E | A | R | Z | H | U | L | I | J | L | X |
| Z | F | E | M | I | N | I | S | M | O | Q |

INFORME "8 DE MARZO" Situación sociolaboral da muller en Galicia

UGT 

 Galicia
Gabinete de Igualdade

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2023

INTRODUCCIÓN

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia manifesta o seu compromiso para lograr que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e alcanzar unha sociedade xusta, inclusiva e solidaria.

A igualdade efectiva entre mulleres e homes é un obxectivo prioritario e un principio irrenunciabile.

A igualdade ademais de ser un dereito fundamental e unha cuestión de xustiza, constitúe unha necesidade social e da nosa economía. É imprescindible para que as empresas sexan competitivas. Un modelo de competitividade baseado na calidade dos produtos e os servizos non é posible sen igualdade real entre mulleres e homes nos centros de traballo.

Como cada ano con motivo do Día internacional da Muller UGT Galicia realiza un exhaustivo balance da situación da muller no emprego.

POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

O mercado laboral feminino segue a manifestar peores condicións que o masculino en todas as súas variables

Poboación de 16 e máis anos por sexo en relación coa actividade económica. Galicia.

| | Ano 2022 | | Diferenza | % Mulleres |
|--------------------|-----------|-----------|-------------------|------------|
| | Homes | Mulleres | Mulleres s/ Homes | |
| Total | 1.121.100 | 1.221.500 | 100.400 | 52,1 |
| Poboación activa | 638.900 | 601.500 | -37.400 | 48,5 |
| Poboación ocupada | 574.500 | 529.200 | -45.300 | 47,9 |
| Poboación parada | 64.400 | 72.300 | 7.900 | 52,9 |
| Poboación inactiva | 482.200 | 620.000 | 137.800 | 56,3 |

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2022 Poboación ocupada

A pesar da progresiva incorporación da muller ao mercado de traballo seguen persistindo fortes diferenzas por xénero. No ano 2022 aínda que hai 1.221.500 mulleres de 16 e máis anos fronte a 1.121.100 homes (100.400 mulleres máis), é superior a poboación activa masculina (638.900 homes) que a feminina (601.500) polo que hai 37.400 mulleres activas menos.

En canto á poboación ocupada obsérvase como tamén existen grandes diferenzas por sexos, xa que hai 45.300 homes máis ocupados que mulleres.

Se analizamos o número de persoas que se atopan en situación de desemprego hai 7.900 homes menos e tamén no referente á poboación inactiva (que nin traballa nin está buscando un traballo), as diferenzas volven a constatare, prexudicando de novo ás mulleres, con 137.800 inactivas máis.

Onde existe unha taxa superior das mulleres é no desemprego, 1,9 puntos superior á masculina.

Taxas de actividade, emprego e paro por sexos. Galicia

| | 2020 | | | 2021 | | | 2022 | | |
|---------------------------|-------|----------|---------------|-------|----------|---------------|-------|----------|---------------|
| | Homes | Mulleres | Diferenza M/H | Homes | Mulleres | Diferenza M/H | Homes | Mulleres | Diferenza M/H |
| Taxa de actividade | 57,1 | 47,7 | -9,4 | 57,1 | 48,3 | -8,8 | 57 | 49,2 | -7,8 |
| Taxa de ocupación | 50,9 | 41,4 | -9,5 | 51 | 42,1 | -8,9 | 51,3 | 43,3 | -8,0 |
| Taxa de paro | 10,9 | 13,2 | 2,3 | 10,6 | 12,8 | 2,2 | 10,1 | 12 | 1,9 |

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2020 - 2022

No ano 2022 a taxa de paro feminino segue a distancia da masculina, en 1,9 puntos (2 puntos en 2018, 2,1 en 2019, 2,3 puntos en 2020 e 2,2 puntos en 2021).

Constátase a maior dificultade para o acceso ao mercado laboral no caso das mulleres, enfrontándose a maiores niveis de desemprego.

ACTIVIDADE

Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (en diante, EPA) do ano 2022 (media anual) do Instituto Galego de Estatística, a poboación activa feminina é inferior á masculina en 37.400 persoas.

Definición de Poboación Activa na EPA *“Son as persoas que, nun período de referencia dado, fornecen man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á devandita produción. Comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que satisfagan as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas”.*

Poboación activa

| | Total | Homes | Mulleres | Diferenza |
|-------------|-----------|---------|----------|-----------|
| 2019 | 1.241.100 | 643.000 | 598.000 | -45.000 |
| 2020 | 1.220.900 | 638.500 | 582.400 | -56.100 |
| 2021 | 1.228.200 | 639.000 | 589.200 | -49.800 |
| 2022 | 1.240.400 | 638.900 | 601.500 | -37.400 |

Taxa de actividade

| | Total | Homes | Mulleres |
|-------------|-------|-------|----------|
| 2019 | 53,1 | 57,6 | 49,1 |
| 2020 | 52,2 | 57,1 | 47,7 |
| 2021 | 52,5 | 57,1 | 48,3 |
| 2022 | 52,9 | 57,0 | 49,2 |

Definición de Taxa de actividade na EPA: "Porcentaxe do número total de activos sobre a poboación total (poboación de 16 ou máis anos)".

DIFERENZA M/H NA ACTIVIDADE ANO 2022

| | Total | Homes | Mulleres | Diferenza Mulleres/Homes |
|--------------------|-----------|---------|----------|--------------------------|
| Poboación activa | 1.240.400 | 638.900 | 601.500 | -37.400 |
| Taxa de actividade | 52,9 | 57,0 | 49,2 | -7,8 |

Fonte: Elaboración propia UGT – Galicia a partir de datos IGE-INE. Enquisa de poboación activa

TAXAS DE ACTIVIDADE FEMININA POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.

| | 2020 | 2021 | 2022 |
|-----------------------|-------------|-------------|-------------|
| Total Nacional | 52,2 | 53,7 | 53,8 |
| Andalucía | 48,6 | 50,9 | 51,0 |
| Aragón | 53,0 | 54,0 | 54,2 |
| Asturias | 46,2 | 46,5 | 45,4 |
| Baleares | 56,9 | 59,1 | 59,3 |
| Canarias | 53,1 | 54,7 | 54,8 |
| Cantabria | 48,8 | 50,6 | 49,7 |
| Castela e León | 48,4 | 49,1 | 50,7 |
| Castela – A Mancha | 49,9 | 52,4 | 52,2 |
| Cataluña | 55,8 | 57,3 | 56,7 |
| Comunidade Valenciana | 51,4 | 52,7 | 53,6 |
| Estremadura | 49,0 | 49,2 | 49,7 |
| Galicia | 47,7 | 48,3 | 49,2 |
| Madrid | 58,1 | 59,6 | 59,2 |
| Murcia | 51,4 | 53,0 | 53,5 |
| Navarra | 52,0 | 54,8 | 54,6 |
| País Vasco | 51,4 | 52,4 | 52,0 |
| Rioxa, A | 53,4 | 55,4 | 55,1 |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do período 2020-2022 da Enquisa de Poboación Activa- INE

Se comparamos a taxa de actividade feminina galega ca da media estatal, compróbase no ano 2022 un diferencial de 4,6 puntos porcentuais a favor do Estado.

Con respecto ás restantes comunidades autónomas constátase que Galicia dista considerablemente das taxas de actividade doutros contextos, sendo tan só en Asturias inferior á galega. O maior diferencial atópase respecto de Baleares e Madrid, cunhas taxas de actividade de 59,3% e 59,2%, respectivamente, fronte ao 49,2% en Galicia.

É necesario que se adopten medidas para favorecer o crecemento da taxa de actividade das mulleres e a eliminación da brecha de xénero cos homes, seguindo as recomendacións da Unión Europea e de todos os Organismos Internacionais, que ven no emprego das mulleres a oportunidade para o crecemento económico, da eficiencia e da produtividade no mundo laboral.

OCUPACIÓN E EMPREGO

Definición na EPA de Poboación ocupada: *“Persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:*

- *traballando polo menos unha hora por un soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie*
- *con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou razóns análogas . Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa”.*

Taxa de ocupación: “Porcentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 e máis anos”.

A ocupación das mulleres é inferior á dos homes en 45.300 persoas e a brecha nas taxas de emprego é de 8,0 puntos

| | Total | Homes | Mulleres | Diferenza Mulleres/Homes |
|-------------------|-----------|---------|----------|--------------------------|
| Poboación ocupada | 1.103.700 | 574.500 | 529.200 | -45.300 |
| Taxa de emprego | 47,1 | 51,3 | 43,3 | -8,0 |

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2022 Poboación ocupada

Hai segundo os datos da EPA en Galicia un total de 529.200 mulleres ocupadas fronte a 574.500 homes, é dicir son 45.300 mulleres ocupadas menos que homes. De cada cen persoas ocupadas, menos da metade, o 47,9%, son mulleres.

Se temos en conta a Poboación de 16 e máis anos, hai 1.221.500 mulleres e 1.121.100 homes, é dicir, o 52,1%. As mulleres somos máis pero en relación ao emprego temos menos oportunidades.

En Galicia a taxa de emprego dos homes é do 51,3% e a das mulleres do 43,3%, cunha brecha entre ambas taxas de 8 puntos.

A SEGREGACIÓN OCUPACIONAL HORIZONTAL E VERTICAL SEGUE A CARACTERIZAR O EMPREGO DAS MULLERES


A forte segregación ocupacional por sexos é unhas das características do mercado de traballo. En Galicia, segundo os últimos datos da EPA, 448.400 mulleres atópanse ocupadas no sector Servizos, o que implica o 56,3% do total de ocupación no sector. En Agricultura, gandería, caza e silvicultura tamén é relevante, o 37,1% do total. Na Industria a porcentaxe é menor, o 31,6%, tamén na Pesca e acuicultura co 21,4% do total e con menor intensidade na Construción co 8,4% do total.

Poboación ocupada por sexo e sector económico Ano 2022


| | Total | Homes | Mulleres | % Mulleres s/ Total | % Homes s/ Total Homes | % Mulleres/ Total Mulleres |
|---|-----------|---------|----------|---------------------|------------------------|----------------------------|
| Total | 1.103.700 | 574.500 | 529.200 | 47,9 | 100,0 | 100,0 |
| Agricultura, gandería, caza e silvicultura | 47.400 | 29.800 | 17.600 | 37,1 | 5,2 | 3,3 |
| Pesca e acuicultura | 19.200 | 15.100 | 4.100 | 21,4 | 2,6 | 0,8 |
| Industria | 167.400 | 114.500 | 52.900 | 31,6 | 19,9 | 10,0 |
| Construción | 73.600 | 67.400 | 6.200 | 8,4 | 11,7 | 1,2 |
| Servizos | 796.100 | 347.800 | 448.400 | 56,3 | 60,5 | 84,7 |

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2022 Poboación ocupada

Distribución % ocupación por sectores de actividade económica Homes



Distribución % ocupación por sectores de actividade económica. Mulleres



O sector servizos en Galicia agrupa case as tres cuartas partes da ocupación (o 72,1% do total).

O número de mulleres ocupadas nese sector supera ao dos homes en máis de 100.000 (100.600)

En Galicia o 84,7% das mulleres ocupadas concéntranse no sector Servizos. A súa presenza é máis baixa, un 10%, na Industria e do 3,3% na Agricultura, gandería, caza e silvicultura, e incluso menor na Construción, o 1,0%, e na Pesca e acuicultura, o 0,8%.

En Galicia o 32,6% da ocupación no sector primario son mulleres. No sector primario temos que distinguir dúas ramas de actividade, por un lado Agricultura, gandería, caza e silvicultura que ten un forte peso feminino, o 37,1% do total de ocupación, 17.600 mulleres e 29.800 homes (representa o 3,3% do total de ocupación feminina). Polo lado da Pesca e acuicultura temos que o 21,4% son mulleres (relevante o papel da muller no marisqueo), pero no total de mulleres representa tan só o 0,8% do total de ocupación feminina.

No sector industrial hai en Galicia 167.400 persoas ocupadas. As mulleres representan o 31,6% da ocupación deste sector, apenas 52.900, e isto é moi negativo xa que este é o sector máis valorado e mellor retribuído. As mulleres representan pouco máis da cuarta parte da ocupación no sector industrial, apenas 52.900 mulleres por 114.500 homes.


No sector da Construción o emprego feminino é moi baixo, o 8,4% do total de poboación ocupada. Son 6.200 mulleres dun total de 73.600. Dentro do emprego feminino o sector da Construción dá emprego ao 1,2% do total.

Poboación ocupada por sexo e ramas de actividade. Ano 2022

| | Homes | Mulleres | % Mulleres |
|--|--------------|-----------------|-------------------|
| Total | 574.500 | 529.200 | 47,9 |
| Agricultura, gandaría, caza e silvicultura (01, 02) | 29.800 | 17.600 | 37,1 |
| Pesca e acuicultura (03) | 15.100 | 4.100 | 21,4 |
| Industrias extractivas (05-09) | 2.700 | 700 | 20,6 |
| Industria manufactureira (10-33) | 106.800 | 49.900 | 31,8 |
| Energía, subministro de auga e xestión de residuos (35-39) | 5.100 | 2.200 | 30,1 |
| Construción (41-43) | 67.400 | 6.200 | 8,4 |
| Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas (45-47) | 83.700 | 92.400 | 52,4 |
| Transporte e almacenamento (49-53) | 42.600 | 12.000 | 22 |
| Hostalaría (55, 56) | 28.900 | 41.200 | 58,8 |
| Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (58-82) | 86.700 | 79.400 | 47,8 |
| Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria (84) | 39.400 | 28.400 | 41,9 |
| Educación (85) | 21.900 | 51.700 | 70,2 |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais (86-88) | 22.300 | 86.700 | 79,5 |
| Resto de servizos (90-99) | 22.200 | 56.500 | 71,7 |


Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2022 Poboación ocupada

Ramas de actividade Presenza % mulleres sobre total mulleres ocupadas



Fonte: Elaboración propia a partir datos EPA-IGE

Ramas de actividade Presenza % mulleres sobre total ocupación (ambos sexos)



Fonte: Elaboración propia a partir datos EPA-IGE

Nos 10 grupos ocupacionais da CNO-2011 (Clasificación Nacional de Ocupacións) a muller tan só ten unha presenza maioritaria en catro deles, con porcentaxes próximas ao 60-70%. Póñese de manifesto tamén a segregación vertical, xa que só 32,9% dos postos de “Dirección e xerencia” son ocupados por mulleres (só o 2,2% das mulleres ocupadas atópanse nesta ocupación).

Poboación ocupada por sexo e ocupación principal (CNO-2011)

| | Total | Homes | Mulleres | Diferenza M/H | % Mulleres s/ total | % Mulleres s/ total mulleres |
|--|-----------|---------|----------|---------------|---------------------|------------------------------|
| Total | 1.103.700 | 574.500 | 529.200 | -45.300 | 47,9 | 100 |
| 0. Ocupacións militares | 5.600 | 5.100 | 500 | -4.600 | 8,9 | 0,1 |
| 1. Dirección e xerencia | 34.700 | 23.400 | 11.400 | -12.000 | 32,9 | 2,2 |
| 2. Persoal técnico e profesional científico e intelectual | 200.300 | 77.600 | 122.700 | 45.100 | 61,3 | 23,2 |
| 3. Persoal técnico; profesional de apoio | 125.100 | 78.000 | 47.100 | -30.900 | 37,6 | 8,9 |
| 4. Persoal empregado contable, administrativo e outro persoal empregado de oficina | 97.000 | 29.700 | 67.300 | 37.600 | 69,4 | 12,7 |
| 5 Traballadoras e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as | 251.400 | 84.400 | 167.000 | 82.600 | 66,4 | 31,6 |
| 6 Traballadoras e traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro | 53.800 | 36.100 | 17.700 | -18.400 | 32,9 | 3,3 |
| 7 Artesáns e artesás e traballadores e traballadoras cualificados das industrias manufactureiras e a construción (salvo persoal operador de instalacións e maquinaria) | 143.800 | 126.500 | 17.300 | -109.200 | 12,0 | 3,3 |
| 8 Persoal Operador de instalacións e maquinaria, e montadores | 92.100 | 75.900 | 16.200 | -59.700 | 17,6 | 3,1 |
| 9 Ocupacións elementais (*) | 99.900 | 38.000 | 61.900 | 23.900 | 62,0 | 11,7 |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

(*) 9 Ocupacións elementais

91 Empregados domésticos

92 Outro persoal de limpeza

93 Axudantes de preparación de alimentos

94 Recolledores de residuos urbanos, vendedores na rúa e outras ocupacións elementais en servizos

95 Peóns agrarios, forestais e da pesca

96 Peóns da construción e da minaría

97 Peóns das industrias manufactureiras

98 Peóns do transporte, descargadores e repositores

o total de mulleres ocupadas o 31,6% o están na ocupación 5 – Traballadoras e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores. As mulleres representan o 66,4% do total desta ocupación, 167.000 mulleres fronte a 84.400 homes.

Na ocupación 4 – Persoal Empregado contable, administrativo e outro persoal empregado de oficina temos 67.300 mulleres ocupadas e 29.700 homes. As mulleres representan o 69,4% do total desta ocupación.

Na 9 - Ocupacións elementais* hai 61.900 mulleres e 38.000 homes, é dicir, as mulleres son o 62% do total e na ocupación feminina representa o 11,7%.

Por último, na ocupación 2 – Persoal Técnico e profesional científico e intelectual son 122.700 mulleres e 77.600 homes, as mulleres son o 61,3% do total.

Nas restantes seis ocupacións son maioría os homes, indo dende o 37,6% na ocupación 3 – Persoal técnico; profesional de apoio, o 32,9 no grupo 6 –Traballadoras e traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, o 32,9% tamén na ocupación 1 – Dirección e xerencia, 11.400 mulleres e 23.400 homes e na 8 – Persoal Operador de instalacións e maquinaria, e persoal montador, onde o peso da ocupación feminina é do 17,6%.

A presenza das mulleres é moi reducida na ocupación 7 – Artesás e Artesáns e persoal traballador cualificado das industrias manufactureiras e a construción (salvo persoal operador de instalacións e maquinaria) con 17.300 mulleres fronte a 126.500 homes, tan só o 12% do total e nas 0 - Ocupacións militares, 500 mulleres e 5.100 homes, o 8,9% do total.

Estes datos poñen de manifesto a segregación ocupacional do mercado laboral galego.

Tan só o 2,2% da poboación ocupada feminina (o 4,1% nos homes) está en postos de 1 -Dirección e Xerencia, polo que se constata que o chamado “teito de cristal” segue estando moi presente para as mulleres na súa participación no mercado de traballo.

As mulleres tan só representan o 28,42% nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35

ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DAS EMPRESAS DO IBEX 35

| | | 2022 | | 2021 | | 2020 | | 2019 | | 2018 | | 2017 | |
|-------------|-----------------------|--------------|--------------|----------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|------------|--------------|--------------|--------------|
| | | 2022-B2 | 2022-B1 | 2021-B2 ¹ | 2021-B1 | 2020-B2 | 2020-B1 | 2019-B2 | 2019-B1 | 2018-B2 | 2018-B1 | 2017-B1 | 2017-B2 |
| % Mulleres | TOTAL | 28,42 | 27,05 | 25,4 | 24,39 | 23,92 | 22,39 | 21,92 | 20,87 | 20 | 19,44 | 12,16 | 10,99 |
| | CEO | 2,94 | 2,94 | 5,88 | 3,03 | 3,03 | 2,94 | 2,94 | 2,94 | 2,94 | 2,9 | 3 | 2,9 |
| | Postos Executivos | 18,77 | 17,44 | 16,63 | 16,55 | 17,07 | 16,29 | 16,22 | 15,84 | 14,73 | 14,3 | 9,5 | 5,7 |
| | Postos non executivos | 41,6 | 39,89 | 37,5 | 35,44 | 33,8 | 31,52 | 30,4 | 28,49 | 27,67 | 26,8 | 15,7 | 13,9 |
| Ambos Sexos | TOTAL | 774 | 780 | 815 | 820 | 807 | 844 | 853 | 848 | 820 | 823 | 814 | 619 |
| | CEO | 34 | 34 | 34 | 33 | 33 | 34 | 34 | 34 | 34 | 34 | 33 | 34 |
| | Postos Executivos | 389 | 390 | 421 | 423 | 416 | 442 | 444 | 442 | 421 | 420 | 399 | 174 |
| | Postos non executivos | 351 | 356 | 360 | 364 | 358 | 368 | 375 | 372 | 365 | 369 | 382 | 411 |
| Mulleres | TOTAL | 220 | 211 | 207 | 200 | 193 | 189 | 187 | 177 | 164 | 160 | 99 | 68 |
| | CEO | 1 | 1 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | Postos Executivos | 73 | 68 | 70 | 70 | 71 | 72 | 72 | 70 | 62 | 60 | 38 | 10 |
| | Postos non executivos | 146 | 142 | 135 | 129 | 121 | 116 | 114 | 106 | 101 | 99 | 60 | 57 |
| Homes | TOTAL | 554 | 569 | 608 | 620 | 614 | 655 | 666 | 671 | 656 | 663 | 715 | 551 |
| | CEO | 33 | 33 | 32 | 32 | 32 | 33 | 33 | 33 | 33 | 33 | 32 | 33 |
| | Postos Executivos | 316 | 322 | 351 | 353 | 345 | 370 | 372 | 372 | 359 | 360 | 361 | 164 |
| | Postos non executivos | 205 | 214 | 225 | 235 | 237 | 252 | 261 | 266 | 264 | 270 | 322 | 354 |

Instituto Europeo para la Igualdad de género (EIGE). Más información en:

<https://eige.europa.eu/gender-statistics/dgs>

Nota1: Datos semestrais

Táboa actualizada a da 14 de decembro de 2022

Fonte: Instituto de las Mujeres (IMs)

Se atendemos á participación das mulleres nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35, formado polas empresas con maior liquidez que cotizan neste sistema en España, podemos observar como se segue a constatar a mínima presenza feminina nos postos de responsabilidade, xa que só representan o 28,42% do total de postos de dirección, outro indicador das grandes diferenzas existentes entre homes e mulleres no mercado laboral. En termos absolutos comprobamos un total de 220 mulleres fronte a 554 homes.

OCUPACIÓN SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL

Hai unha maior propensión ao emprego por conta propia no caso dos homes cun 20,3% fronte ao 15,2% no caso das mulleres.

Distribución porcentual da ocupación por situación profesional. Galicia 2022

| | Homes | Mulleres |
|------------------|-------|----------|
| Por conta propia | 20,3 | 15,2 |
| Por conta allea | 79,7 | 84,8 |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

OCUPACIÓN SEGUNDO TIPO DE SECTOR

As mulleres seguen a ter maior presenza no sector público que os homes e menor presenza no sector privado.

Poboación asalariada segundo sector público/privado. 2022

| | Total | Homes | Mulleres | % Mulleres |
|--|---------|---------|----------|------------|
| Poboación Asalariada | 900.400 | 454.900 | 445.500 | 49,5 |
| Poboación asalariada do sector público | 194.300 | 78.600 | 115.700 | 59,5 |
| Poboación asalariada do sector privado | 706.100 | 376.300 | 329.800 | 46,7 |
| % sector público | 21,6 | 17,3 | 26,0 | |


Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

No emprego público constátase a maior presenza da poboación asalariada feminina fronte á masculina (59,5% do total da ocupación é feminina). Ao contrario, no sector privado segue predominando o emprego masculino cun 53,3%.

FORMACIÓN E OCUPACIÓN

A igual formación, os homes acadan maiores taxas de ocupación que as mulleres en todos os niveis formativos, No caso da Educación superior hai un mínimo diferencial, tan só décimas, nos restantes niveis formativos segue habendo menores taxas de ocupación entre homes e mulleres.

Taxa de ocupación por nivel de formación alcanzado e sexo (CNED-2014). 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

A igual formación alcanzada, os homes teñen maiores taxas de ocupación que as mulleres, en todos os niveis formativos, só iguálanse no caso da Educación superior. Compróbase que a maior nivel educativo maior empregabilidade no mercado laboral. A formación é a principal ferramenta para lograr a inclusión da muller no mercado laboral. Segundo a poboación ocupada por nivel de formación alcanzado obsérvase maior número de mulleres con Estudios superiores que homes, 289.100 e 238.200, respectivamente. No resto de niveis formativos o número de homes é superior ao de mulleres.

Poboación ocupada por nivel de formación alcanzado e sexos. Ano 2022

| | Homes | Mulleres |
|--------------------------------------|---------|----------|
| Total | 574.500 | 529.200 |
| Analfabetismo | 1.000 | 300 |
| Estudos primarios | 13.500 | 8.700 |
| Educación secundaria. Primeira etapa | 184.200 | 120.000 |
| Educación secundaria. Segunda etapa | 137.700 | 111.100 |
| Educación superior | 238.200 | 289.100 |

Fonte: EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

A REFORMA LABORAL DO ANO 2022 RACHA CA INESTABILIDADE LABORAL QUE DIFICULTABA O MANTEMENTO DO EMPREGO NAS MULLERES

A reforma laboral do ano 2022 transforma o mercado laboral cara a estabilidade no emprego, nun e outro sexo.

Das 900.400 persoas asalariadas no ano 2022, 174.300, o 19,4% teñen contratos temporais. No caso das mulleres a porcentaxe achégase a 22,1%, sendo menor a taxa no caso masculino, o 16,7%. De toda a poboación asalariada con contrato temporal o 56,5% son mulleres (47,8% no caso da poboación asalariada con contrato indefinido)

Poboación asalariada segundo o tipo de contrato e sexo. Galicia

| | Total | | | Contrato temporal | | | Taxa de temporalidade | | |
|-------------|---------|---------|----------|-------------------|---------|----------|-----------------------|-------|----------|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| 2012 | 810.100 | 417.000 | 393.200 | 185.700 | 85.400 | 100.300 | 22,9 | 20,5 | 25,5 |
| 2013 | 775.300 | 392.600 | 382.700 | 176.700 | 84.400 | 92.300 | 22,8 | 21,5 | 24,1 |
| 2014 | 779.500 | 391.600 | 387.900 | 182.900 | 90.800 | 92.100 | 23,5 | 23,2 | 23,7 |
| 2015 | 800.200 | 406.000 | 394.300 | 203.500 | 97.900 | 105.600 | 25,4 | 24,1 | 26,8 |
| 2016 | 817.900 | 416.600 | 401.300 | 214.400 | 101.200 | 113.200 | 26,2 | 24,3 | 28,2 |
| 2017 | 827.300 | 418.500 | 408.800 | 223.300 | 105.800 | 117.500 | 27 | 25,3 | 28,7 |
| 2018 | 862.400 | 435.900 | 426.500 | 229.000 | 111.600 | 117.400 | 26,6 | 25,6 | 27,5 |
| 2019 | 878.300 | 444.900 | 433.400 | 232.500 | 111.800 | 120.700 | 26,5 | 25,1 | 27,8 |
| 2020 | 868.600 | 446.800 | 421.800 | 208.700 | 99.100 | 109.600 | 24 | 22,2 | 26 |
| 2021 | 876.400 | 447.700 | 428.700 | 214.600 | 99.500 | 115.100 | 24,5 | 22,2 | 26,8 |
| 2022 | 900.400 | 454.900 | 445.400 | 174.300 | 75.800 | 98.500 | 19,4 | 16,7 | 22,1 |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Na modalidade de contratación temporal para cubrir a ausencia total ou parcial doutra persoa traballadora a maioría son mulleres, 38.300 a 11.500 homes (o 76,9%)

Poboación asalariada por sexo e tipo de contrato ou relación laboral.

| | Total | Homes | Mulleres | % Mulleres |
|--|---------|---------|----------|------------|
| Total | 900.400 | 454.900 | 445.400 | 49,5 |
| De duración indefinida: permanente ao longo do tempo | 708.000 | 372.100 | 335.900 | 47,4 |
| De duración indefinida: descontinuo | 18.100 | 7.100 | 11.000 | 60,8 |
| Temporal: Non sabe | 12.800 | 6.700 | 6.100 | 47,7 |
| Temporal: Por circunstancias da produción | 42.900 | 21.500 | 21.400 | 49,9 |
| Temporal: De aprendizaxe, formación ou práctica | 11.100 | 6.000 | 5.200 | 46,8 |
| Temporal: Estacional ou de temporada | 2.600 | 1.300 | 1.300 | 50 |
| Temporal: Cobre un período de proba | 1.700 | 900 | 800 | 47,1 |
| Temporal: Cobre a ausencia total ou parcial doutro traballador | 49.800 | 11.500 | 38.300 | 76,9 |
| Temporal: Para obra ou servizo determinado | 44.000 | 25.200 | 18.800 | 42,7 |
| Temporal: Verbal non incluído nas opcións anteriores | 5.500 | 1.400 | 4.100 | 74,5 |
| Temporal: Outro tipo | 3.800 | 1.300 | 2.500 | 65,8 |

Fonte EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

A derogación da reforma laboral do PP ven de amosar en 2022 un cambio radical na porcentaxe de contratación indefinida. Así, a contratación indefinida pasou dunha porcentaxe do 9,8% de media anual do ano 2021 ao 32% en 2022.

Nas mulleres aínda que con menor intensidade coma sempre, mellora moito tamén o peso da contratación indefinida.

Contratación rexistrada no SEPE

| | Total | % indefinidos* | Homes | % indefinidos* | Mulleres | % indefinidos* |
|-------------|---------|----------------|---------|----------------|----------|----------------|
| 2021 | 918.214 | 9,8 | 481.070 | 10,3 | 437.144 | 9,3 |
| 2022 | 845.243 | 32 | 431.136 | 32,91 | 414.107 | 31,06 |


* Incluídas conversións en indefinidos

Fonte: SEPE

OCUPACIÓN SEGUNDO XORNADA

O emprego a tempo parcial segue sendo para as mulleres. Os datos do ano 2022 poñen de manifesto a brecha existente entre homes e mulleres no emprego a tempo parcial.

Poboación asalariada por tipo de xornada. Galicia. Ano 2021. EPA.



Os homes ocupados con xornada completa son 539.100 fronte a 410.100 mulleres. A diferenza é que hai 129.000 homes máis que mulleres que teñen un contrato a tempo completo. En cambio, cando falamos de tempo parcial hai 119.000 mulleres fronte a 35.500 homes. Hai 83.500 mulleres máis que homes con xornada a tempo parcial. No emprego a tempo parcial a porcentaxe de mulleres ocupadas acada o 77% fronte ao 23% restante de homes.

No caso da ocupación asalariada feminina, o 22,5% é a tempo parcial, moito menor no caso masculino, o 6,2%. Así pois, a brecha de xénero na ocupación a tempo parcial é de 16,3 puntos.

Distribución porcentual poboación ocupada por tipo de xornada e sexo

| | Ambos sexos | | | Homes | | | Mulleres | | |
|------------------------|-------------|----------|---------|---------|----------|---------|----------|----------|---------|
| | Total | Completa | Parcial | Total | Completa | Parcial | Total | Completa | Parcial |
| | 1.103.700 | 949.200 | 154.500 | 574.500 | 539.100 | 35.500 | 529.200 | 410.100 | 119.000 |
| % s/ Total cada sexo | | 86,0 | 14,0 | | 93,8 | 6,2 | | 77,5 | 22,5 |
| % s/ Total ambos sexos | | | | 52,1 | 56,8 | 23,0 | 47,9 | 43,2 | 77,0 |

Fonte EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

TRABALLO A DISTANCIA / TELETRABALLO

Desde o ano 2020, froito da crise producida pola COVID, irrompe con forza o traballo a distancia, coñecido como teletraballo. Este comezouse a dar especialmente durante o ano 2020, onde houbo un período de inactividade, peche de centros escolares, centros de coidados, etc. Posteriormente, levou a cabo un proceso de reactivación da economía, e de forma paralela, a situación epidemiolóxica íase controlando.

Isto motivou que no noso país regulácese o teletraballo, como unha forma de organización do traballo mediante a Real Decreto-Lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia.

No 2022 as mulleres un 48.47% das persoas asalariadas que traballan de forman ocasional non seu domicilio particular.. Desde o ano 2020 comezouse a difundir que o teletraballo era unha medida de conciliación dentro do PLAN MECUIDA e que beneficiaba ás mulleres. Desde UXT manifestamos a nosa oposición a esta postura e defendemos que o teletraballo non pode converterse nunha medida de conciliación do traballo e coidado de familiares xa que iso supón un incremento do risco que sigan sendo as mulleres as que maioritariamente se encarguen desas tarefas #ante a ausencia de políticas públicas efectivas para a atención das responsabilidades familiares e a inequidade na repartición das mesmas entre homes e mulleres. O teletraballo é unha forma de prestación do traballo, pero non unha fórmula de conciliación das responsabilidades familiares e a vida laboral.

No ano 2022 en Galicia, as mulleres representan 48,33% das persoas que traballaron a metade dos días no seu domicilio. En 2020 á porcentaxe fora do 51,9% pola COVID 19.

Os datos van poñendo de manifesto que a situación entre homes e mulleres no traballo desde o seu domicilio, non presentan grandes diferenzas entre homes e mulleres e posiblemente isto está ligado ao sector de actividade. Sectores como comercio, hostalería, sanidade, ensino (excepto no período de pandemia) son sectores feminizados, e onde o uso teletraballo é menor que noutros sectores máis masculinizados como os tecnolóxicos.

Persoas asalariadas por frecuencia que traballan no seu domicilio particular por sexo ano 2022

| | Ambos sexos | Homes | | | Mulleres | | |
|----------------|-------------|----------------|----------------------|------------|----------------|----------------------|------------|
| | | Ocasionalmente | Mais metade dos días | Ningún día | Ocasionalmente | Mais metade dos días | Ningún día |
| Total | 10.712.831 | 639.500 | 740.000 | 9.480,53 | 548.450 | 656.675 | 8.118.725 |
| Galicia | 1.097.975 | 33.475 | 35.250 | 502.800 | 31.800 | 33.000 | 461.650 |

Fonte: elaboración UGT a partir datos EPA 2022 INE Poboación asalariada

MODALIDADES DE CONTRATOS

A Reforma Laboral aprobada por Real Decreto –Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, en termos absolutos beneficiou ás mulleres en 2022. Hai 33.300 mulleres máis con contratos indefinidos e descenderon en 16.600 as mulleres con contratos de duración determinada

En canto ás modalidades de contratos, este ano resulta primordial valorar o impacto da reforma laboral aprobada mediante a Real Decreto –lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo en materia de modalidades de contratación, a cal tivo un impacto positivo para as mulleres.

Hai brecha de xénero na poboación ocupada con contratación indefinida.

As mulleres asalariadas con contrato indefinido son o 47,4% do total de poboación asalariada con contrato indefinido (ben sexa permanente ao longo do tempo ou discontinuo).

É reseñable que na poboación asalariada con contrato de “Duración indefinida: discontinuo”, a diferenza por xénero sexa tan manifesta, xa que a maioría son mulleres, o 60,8%, 11.000 mulleres e 7.100 homes

Con respecto a esta modalidade de contratación, hai que indicar que tan só o 3,2% das mulleres con contrato indefinido o están por esta modalidade, o groso das mulleres asalariadas están baixo o contrato indefinido ordinario, o permanente ao longo do tempo, o 96,8% do total e mulleres.

A modalidade fixo descontinua que xa existía antes da reforma laboral non sofre incrementos substanciais pola aprobación da norma, xa que antes supoñía o 2,1% do total da contratación indefinida nas mulleres.

Modalidade Contratación 2022

| Modalidade | Ambos sexos | Homes | Mulleres | Diferencia | Porcentaxe Mulleres |
|--|-------------|---------|----------|------------|---------------------|
| Total | 900.400 | 454.900 | 445.400 | 9.500 | 49,5 |
| De duración indefinida: permanente ao longo do tempo | 708.000 | 372.100 | 335.900 | 36.200 | 47,4 |
| De duración indefinida: discontinuo | 18.100 | 7.100 | 11.000 | -3.900 | 60,8 |
| Temporal: Non sabe | 12.800 | 6.700 | 6.100 | 600 | 47,7 |
| Temporal: Por circunstancias da produción | 42.900 | 21.500 | 21.400 | 100 | 49,9 |
| Temporal: De aprendizaxe, formación ou práctica | 11.100 | 6.000 | 5.200 | 800 | 46,8 |
| Temporal: Estacional ou de temporada | 2.600 | 1.300 | 1.300 | 0 | 50 |
| Temporal: Cobre un período de proba | 1.700 | 900 | 800 | 100 | 47,1 |
| Temporal: Cobre a ausencia total ou parcial doutro traballador | 49.800 | 11.500 | 38.300 | -26.800 | 76,9 |
| Temporal: Para obra ou servizo determinado | 44.000 | 25.200 | 18.800 | 6.400 | 42,7 |
| Temporal: Verbal non incluído nas opcións anteriores | 5.500 | 1.400 | 4.100 | -2.700 | 74,5 |
| Temporal: Outro tipo | 3.800 | 1.300 | 2.500 | -1.200 | 65,8 |

Fonte: elaboración UGT a partir datos EPA 2022 INE Poboación asalariada

Modalidade Contratación 2021

| Modalidade | Ambos sexos | Homes | Mulleres | Diferencia | Porcentaxe Mulleres |
|--|-------------|---------|----------|------------|---------------------|
| Total | 876.400 | 447.700 | 428.700 | 19.000 | 48,9 |
| De duración indefinida: permanente ao longo do tempo | 650.500 | 343.500 | 307.000 | 36.500 | 47,2 |
| De duración indefinida: discontinuo | 11.300 | 4.600 | 6.600 | -2.000 | 58,4 |
| Temporal: Non sabe | 17.300 | 9.000 | 8.300 | 700 | 48,0 |
| Temporal: Por circunstancias da produción | 35.300 | 15.900 | 19.400 | -3.500 | 55,0 |
| Temporal: De aprendizaxe, formación ou práctica | 10.700 | 5.500 | 5.200 | 300 | 48,6 |
| Temporal: Estacional ou de temporada | 5.700 | 2.800 | 2.800 | 0 | 49,1 |
| Temporal: Cobre un período de proba | 1.500 | 700 | 700 | 0 | 46,7 |
| Temporal: Cobre a ausencia total ou parcial doutro traballador | 42.000 | 10.600 | 31.400 | -20.800 | 74,8 |
| Temporal: Para obra ou servizo determinado | 92.900 | 52.200 | 40.700 | 11.500 | 43,8 |
| Temporal: Verbal non incluído nas opcións anteriores | 5.700 | 1.400 | 4.400 | -3.000 | 77,2 |
| Temporal: Outro tipo | 3.600 | 1.400 | 2.200 | -800 | 61,1 |

Fonte: elaboración UGT a partir datos EPA INE Poboación Asalariada

Desde un punto de vista xeral, hai 33.300 de mulleres máis en 2022 que no ano 2021 que teñen un contrato de duración indefinida.

Dentro deste tipo de contratos as mulleres somos maioría nos contratos fixos descontínuos en 2022, representando o 60,8%. Nas demais modalidades indefinidas seguen sendo maioría os homes.

Nos contratos de duración determinada, reduciuse a contratación temporal, con 16.600 mulleres menos en 2022 respecto ao 2021; aínda así, a pesar de verse reducido o número en valores absolutos, as mulleres teñen case o 56,5% dos contratos temporais. É dicir, as mulleres son as que seguen sufrindo maior precariedade na contratación, debido tanto á temporalidade como á parcialidade dos contratos.

As mulleres son maioría nos contratos para cubrir a ausencia total ou parcial doutra persoa traballadora, representando o 77% dos contratos totais nesta modalidade. En determinados sectores de actividade moi feminizados como é a sanidade ou a educación, os contratos de interinidade son unha práctica moi habitual. Tamén representan maioría noutros tipos de contratos como os contratos verbais (74,5%) ou outro tipo de contrato temporal co 65.8% do total.

Por iso, queremos poñer de manifesto que a reforma laboral do 2022 foi moi positiva en moitos aspectos e beneficiou ás mulleres, pero desde UGT seguimos insistindo en que hai que adoptar medidas de acción positiva de conformidade co Art. 11 de Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva e artigo 17.4 Estatuto dos Traballadores, para que tanto mulleres como homes teñan as mesmas modalidades de contratación en canto á súa duración, e así eliminar os rumbos de xénero, a través da negociación colectiva e os plans de igualdade para aquelas empresas que teñen a obrigaçión de elaboralo.

DESEMPREGO

Definición na EPA de Poboación parada *“Persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Son parados tamén os que atoparon un traballo e están a esperar incorporarse, sempre que verifiquen as dúas primeiras condicións.*

Segundo o Regulamento 1897/2000 da Comisión Europea, os únicos métodos de procura de emprego considerados activos son:

Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de atopar traballo, calquera que sexa a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe unha postura activa).

Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación...) co fin de atopar traballo.

Enviar unha candidatura directamente aos empregadores.

Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos, ...

Anunciarse ou responder a anuncios de xornais.

Estudar as ofertas de emprego.

Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación.

Buscar terreos, locais ou material.

Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros

No desemprego constátanse as difíciles situacións que na última década a poboación traballadora viviu, pero para a muller foron especialmente gravosas”.

No ano 2022 houbo 72.300 mulleres paradas fronte a 64.400 homes. Hai, polo ta”nto, 7.900 mulleres máis en situación de paro. A taxa de paro para ambos sexos foi do 11,0%, pero continúa sendo máis alta nas mulleres que nos homes, 12,0% e 10,1%, respectivamente. A brecha entre mulleres e homes é un punto e nove décimas de diferencial entre taxas de paro.

Definición na EPA de Taxa de paro: *“Porcentaje de poboación parada sobre o total de poboación activa.*

Taxa de paro 2022

| Total | Homes | Mulleres |
|-------|-------|----------|
| 11,0 | 10,1 | 12,0 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

A anterior crise, a do 2008 ocultara, ao afectar a sectores masculinizados, a eterna situación de desvantaxe en canto ao desemprego das mulleres.

A taxa de paro no ano 2013, ano a partir do cal comezou a recuperación da economía, pasou no caso dos homes de 22,3% a 10,7% en 2019 e no caso das mulleres de 21,7% a 12,8%, é dicir, mentres que a masculina diminúe 11,6 puntos a das mulleres moito menos, 8,9 puntos. A recuperación económica non beneficiou de igual modo a homes e mulleres.

Se analizamos a evolución da brecha de xénero nas taxas de paro dende ano 2013, como ano considerado a partir do cal comezara a recuperación económica interrompida pola pandemia COVID-19, as diferenzas aumentaran ano tras ano, ao haber un diferencial no ano 2013 de 0,6 puntos a favor das mulleres ate chegar a unha taxa de paro no ano 2019 de dous puntos e unha décima superior nas mulleres que nos homes.

Pero ca COVID-19, en plena pandemia, no ano 2020, a brecha acadou o máximo, o 2,3%.

No 2021 non mellorou apenas, segue a ruptura da tendencia de diminución das taxas de paro, tanto nos homes como nas mulleres, xa que medra en ambas pero de xeito máis acusada nas mulleres o que leva a que a brecha siga en máximos, 2,2 puntos.


Agora no ano 2022 vislumbrase a recuperación, contracción das taxas nun e noutro sexo. Diminuíndo tamén a brecha entre taxa masculina e feminina e situándose en 1,9 puntos.

TAXA DE PARO

| | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 |
|----------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| Homes | 20,8 | 22,3 | 21,6 | 18,7 | 16,5 | 15,0 | 12,4 | 10,7 | 10,9 | 10,6 | 10,1 |
| Mulleres | 20,2 | 21,7 | 21,7 | 20,0 | 17,8 | 16,4 | 14,4 | 12,8 | 13,2 | 12,8 | 12,0 |
| Brecha desemprego | -0,6 | -0,6 | 0,1 | 1,3 | 1,3 | 1,4 | 2,0 | 2,1 | 2,3 | 2,2 | 1,9 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

EVOLUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO NAS TAXAS DE PARO



Esta evolución o que pon de manifesto é que aínda que as mulleres teñen maiores dificultades para acceder ao emprego, e que sempre que hai unha recuperación da actividade económica as mulleres non atopan un mercado laboral inclusivo, neste ano 2022 tivo unha boa evolución dende un punto de vista comparativo cos homes, diminuindo o diferencial con eles.

O PARO DE LONGA DURACIÓN AFECTA EN MAIOR MEDIDA ÁS MULLERES

POBOACIÓN PARADA DE LONGA DURACIÓN

| | Total | Homes | Mulleres | % Mulleres s/ total |
|----------------------|--------|--------|----------|---------------------|
| 2020 | 49.900 | 22.300 | 27.600 | 55,3 |
| 2021 | 59.000 | 26.500 | 32.500 | 55,1 |
| 2022 | 51.700 | 23.600 | 28.200 | 54,5 |
| Diferencia 2022/2021 | -7.300 | -2.900 | -4.300 | |
| Var. % 2022/2021 | -12,4 | -10,9 | -13,2 | |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

As mulleres representan o 54,5% das persoas desempregadas de longa duración, máis dun ano en desemprego.

Confírmase que de non conseguir saír do desemprego nos primeiros meses, cronifícase a situación converténdose nun paro de moi longa duración (máis de dous anos).

As mulleres representan o 54% de toda a poboación que leva buscando emprego máis dun ano e o 54,9% daquela poboación desempregada que leva dous anos e máis na procura de emprego

Boa evolución no número de persoas que levan mais dun ano na procura de emprego entre 2021 e 2022, contracción do 10,4%. Incluso maior contracción nas mulleres que nos homes, contracción do 10,8% e 10,2%, respectivamente

Pero hai un dato que ensombrece a boa evolución, se temos en conta só o dato de persoas desempregadas con dous ou máis anos procurando emprego, a evolución é moi prexudicial. No caso feminino aumenta en 2.500 e nos homes en 1.800. Hai 22.600 mulleres fronte a 18.600 homes nesa situación.

Poboación parada por tempo de busca de emprego e sexo. Galicia

| | Total | | | Homes | | | Mulleres | | |
|--|--------|--------|--------|--------|--------|--------|----------|--------|--------|
| | 2020 | 2021 | 2022 | 2020 | 2021 | 2022 | 2020 | 2021 | 2022 |
| De 1 ano a < 1 ano e medio | 13.700 | 16.800 | 10.200 | 6.000 | 8.700 | 5.200 | 7.700 | 8.100 | 5.000 |
| De 1 ano e medio a < 2 anos | 7.800 | 12.000 | 8.200 | 3.600 | 5.000 | 3.600 | 4.200 | 7.000 | 4.600 |
| Dous ou mais anos | 35.500 | 37.700 | 41.200 | 17.000 | 16.800 | 18.600 | 18.500 | 21.000 | 22.600 |
| Tempo de busca de emprego de 1 ano ou máis | 57.000 | 66.500 | 59.600 | 26.600 | 30.500 | 27.400 | 30.400 | 36.100 | 32.200 |
| Var. % tempo un ano ou máis | | | -10,4 | | | -10,2 | | | -10,8 |
| Var. % tempo dous anos ou máis | | | 9,3 | | | 10,7 | | | 7,6 |
| % mulleres s/ Tempo de busca de emprego de 1 ano ou máis | | | | | | | | | 54 |
| % mulleres Tempo de busca de emprego de 2 ano ou máis | | | | | | | | | 54,9 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No ano 2022 (media anual) hai maior número de mulleres desempregadas que perciben prestación por desemprego que homes, 45.034 mulleres e 39.154 homes, pero non esquezamos que en relación a taxa de cobertura a mulleres sae desfavorecida, 58,1% fronte a 68,8% nos homes.

Persoas beneficiarias de prestacións por desemprego Media anual 2022

| | Total | Prestación Contributiva | Subsidio por Desemprego | Renda Activa de inserción | Taxa de cobertura |
|----------|--------|-------------------------|-------------------------|---------------------------|-------------------|
| TOTAL | 84.188 | 38.569 | 40.680 | 4.939 | 62,6 |
| Homes | 39.154 | 18.292 | 19.043 | 1.819 | 68,8 |
| Mulleres | 45.034 | 20.277 | 21.637 | 3.120 | 58,1 |

Fonte: SEPE

A taxa de cobertura das prestacións por desemprego calcúlase de acordo á seguinte fórmula:

Total beneficiarios das prestacións por desemprego

Paro rexistrado SISPE con experiencia laboral* + Beneficiarios de Subsidio Agrario

- $\text{Paro rexistrado SISPE con experiencia laboral} = \text{Total paro rexistrado SISPE} - \text{Paro rexistrado SISPE sen emprego anterior}$

INACTIVIDADE

Definición na EPA de persoas inactivas “Comprende a todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas.”

Sen ter en conta ás persoas retiradas, xubiladas e pensionistas a maior parte das mulleres inactivas o son por dedicarse a labores da casa. As mulleres son o 56,3 por cento das persoas inactivas, acadando no caso das persoas inactivas por clase de inactividade “Labores da casa” un 85,5%

Poboación inactiva por clase principal de inactividade, sexo Media anual 2022

| | Total | Homes | Mulleres | % Mulleres s/ Total |
|---|------------------|----------------|----------------|---------------------|
| Total | 1.102.200 | 482.200 | 620.000 | 56,3 |
| Estudantes | 177.900 | 83.200 | 94.700 | 53,2 |
| Retirados, xubilados e pensionistas | 668.200 | 322.800 | 345.400 | 51,7 |
| Labores da casa | 174.900 | 25.400 | 149.500 | 85,5 |
| Outros | 70.900 | 42.300 | 28.600 | 40,3 |
| Non sabe. Non refire estado de inactividade | 10.400 | 8.500 | 1.900 | 18,3 |

Fonte: Elaboración propia UGT – Galicia a partir de datos IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Hai 482.200 homes inactivos fronte a 620.000 mulleres inactivas, hai 137.800 mulleres inactivas máis que homes e hai diferentes motivos de inactividades para eles e elas.

Mentres que a maior parte dos homes inactivos o son por estar “Retirados, xubilados e pensionistas”, no caso das mulleres, aínda que esta tamén é a principal causa séguelle de cerca cun número considerable de mulleres inactivas as “Labores da casa”, ou sexa, coidar do fogar e da familia sen ningún tipo de remuneración, un traballo duro e invisibilizado.

Estes datos poñen en evidencia a enorme desigualdade que segue existindo entre mulleres e homes na asunción do coidado do fogar e a familia e a negativa repercusión que ten para as mulleres na súa participación no mundo laboral e na súa vida persoal e económica.

Das persoas inactivas que non buscan emprego polo “Coidado de nenos e nenas, persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores”, o 86,1% son mulleres e tamén no motivo de non buscar emprego por “Ter outras responsabilidades familiares ou persoais” as mulleres representan o 77,5% do total.

Poboación inactiva por sexo e motivo de non buscar emprego. Galicia. media anual 2022

| | Total | Homes | Mulleres | % Mulleres s/ Total |
|--|------------------|----------------|----------------|------------------------|
| Total | 1.102.200 | 482.200 | 620.000 | 56,3 |
| Cree que non o vai atopar | 7.800 | 3.200 | 4.600 | 59 |
| Está afectado por unha regulación de emprego | 1.200 | 500 | 700 | 58,3 |
| Por enfermidade ou incapacidade propia | 125.400 | 67.600 | 57.900 | 46,2 |
| Coidado de nenos ou de adultos enfermos, discapacitados ou maiores | 44.700 | 6.200 | 38.500 | 86,1 |
| Ten outras responsabilidades familiares ou persoais | 50.200 | 11.300 | 38.900 | 77,5 |
| Está cursando estudos ou recibindo formación | 159.700 | 76.600 | 83.100 | 52 |
| Está xubilado | 267.300 | 151.300 | 116.000 | 43,4 |
| Outras razóns | 74.100 | 12.300 | 61.800 | 83,4 |
| Non sabe | 700 | 300 | 400 | 57,1 |
| Non aplicable | 371.100 | 152.800 | 218.300 | 58,8 |

Fonte: Elaboración propia UGT – Galicia a partir de datos IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Se analizamos o motivo polo que non buscan emprego as mulleres inactivas, este é que non o buscan polo “Coidado de nenos e nenas, persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores”. De todas as persoas inactivas que indican este motivo o

86,1% son mulleres e tamén no motivo de “Ter outras responsabilidades familiares ou persoais” as mulleres representan o 77,5%

Estes datos poñen en evidencia que a asunción das responsabilidades familiares segue a ser das mulleres, está clara a maior propensión a facer da muller a coidadora.

Os datos poñen de manifesto que mantense o déficit na corresponsabilidade entre homes e mulleres

O desánimo tamén ten rostro feminino, xa que de todas as persoas que indican que non buscan emprego por “Crer que non o van atopar” hai 4.600 mulleres fronte a 3.200 homes, o 59% do total deste motivo son mulleres. As maiores dificultades para atopar e manterse no mercado laboral fan que haxa máis desánimo no caso das mulleres.

COIDADOS FAMILIARES E CORRESPONSABILIDADE

A asunción das tarefas de coidados familiares por parte dos homes aumenta nos permisos retribuídos mentres que os permisos non retribuídos son maioritariamente femininos.

Cadro resumen prestacións por nacemento e coidado de menor

| | Total prestacións | 1ª persoa proxenitora | % sobre total prestacións | 2ª persoa proxenitora | % sobre total prestacións |
|------|-------------------|-----------------------|---------------------------|-----------------------|---------------------------|
| 2020 | 22.458 | 11.341 | 50,5 | 11.117 | 49,5 |
| 2021 | 21.963 | 10.844 | 49,4 | 11.119 | 50,6 |
| 2022 | 21.518 | 10.634 | 49,4 | 10.884 | 50,6 |

Fonte: Elaboración UGT a partir de datos Secretaria de Estado da Seguridade Social e Pensiós. Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por ter que Coidar de menores ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, ou por ter que atender Outras responsabilidades familiares 34.300 son mulleres fronte a tan só 3.800 homes.

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial e sexo 2022

| | Homes | %s/ homes | Mulleres | %s/ mulleres | % Mulleres |
|---|--------|-----------|----------|--------------|------------|
| Total | 35.500 | 100,0 | 119.000 | 100,0 | 77,0 |
| Seguir cursos de ensinanza ou formación | 3.600 | 10,1 | 4.200 | 3,5 | 53,8 |
| Enfermidade ou incapacidade propia | 700 | 2,0 | 2.100 | 1,8 | 75,0 |
| Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores | 1.500 | 4,2 | 26.200 | 22,0 | 94,6 |
| Outras obrigacións familiares ou persoais | 2.300 | 6,5 | 8.100 | 6,8 | 77,9 |
| Non poder atopar un traballo de xornada completa | 18.700 | 52,7 | 56.700 | 47,6 | 75,2 |
| Non querer un traballo de xornada completa | 2.400 | 6,8 | 12.100 | 10,2 | 84,0 |
| Outras razóns | 6.000 | 16,9 | 9.100 | 7,6 | 60,7 |
| Non sabe o motivo | 300 | 0,8 | 700 | 0,6 | 70,0 |

FONTE: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Se atendemos ás razóns polas que as persoas responden que din que teñen un contrato a tempo parcial en lugar dun a tempo completo, séguese a constatar como a que segue a atender as responsabilidades familiares, con moita diferenza, é a muller.

Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por "Coidado de nenos e nenas, ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores", un 94,6% son mulleres. Das que responden á atención a "Outras obrigacións familiares ou persoais", o 77,9% son mulleres. Isto pon de manifesto que segue a ser moi limitado o reparto destas tarefas.

Cas cifras desmóntase o argumento de que as mulleres usan o tempo parcial para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, xa que maioritariamente nas mulleres prevalece o motivo de "Non poder atopar unha xornada a tempo completo", porque o mercado laboral non llo proporciona. Neste motivo hai 56.700 mulleres, o 75,2% de ambos sexos e o 47,6% do total das mulleres.

As reducións de xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres (76,4% do total) .

Reducións de xornada Galicia. 2017

| | Número | Porcentaxe s/ ambos sexos |
|----------|--------|---------------------------|
| Homes | 9.320 | 23,6 |
| Mulleres | 30.150 | 76,4 |

Fonte: Enquisa Estructural a fogares - IGE

No ano 2017, último dato dispoñible da Enquisa estrutural a fogares do IGE, 39.470 traballadores e traballadoras galegas con menores de 0 a 12 anos reduciron a súa xornada de traballo para poder atendelos. Segundo o sexo, as solicitudes foron maioritariamente femininas, o 76,4% do total.

As excedencias por coidado familiar seguen a ser solicitadas no 68,2% dos casos polas mulleres

Excedencias por coidado familiar dadas de alta. Galicia

| | 2012 | % | 2013 | % | 2014 | % | 2015 | % | 2016 | % | 2017 | % | 2018 | % | 2019 | % |
|-----------------|------|-------|------|-------|------|-------|------|------|-------|------|-------|------|-------|-------|-------|-------|
| Total | 657 | 100 | 665 | 100 | 699 | 100 | 846 | 100 | 1.104 | 100 | 1.210 | 100 | 1.372 | 100,0 | 1.509 | 100,0 |
| Mulleres | 605 | 92,08 | 611 | 91,88 | 630 | 90,13 | 751 | 88,8 | 984 | 89,1 | 1.078 | 89,1 | 1.191 | 86,8 | 1.330 | 88,1 |
| Homes | 52 | 7,91 | 54 | 8,12 | 69 | 9,87 | 95 | 11,2 | 120 | 10,9 | 132 | 10,9 | 181 | 13,2 | 179 | 11,9 |

FONTE: MEYSS. Seguridade Social.

| | 2020 | % | 2021 | % | 2022 | % |
|----------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Total | 1.580 | 100,0 | 1.337 | 100,0 | 1.212 | 100,0 |
| Mulleres | 1.353 | 85,6 | 995 | 74,4 | 827 | 68,2 |
| Homes | 227 | 14,4 | 342 | 25,6 | 385 | 31,8 |

FONTE: MEYSS. Seguridade Social.

No Estado a porcentaxe de excedencias solicitadas por homes sube notablemente dende o 12,8% de 2020 ao 29,8% de 2022. En Galicia sube do 14,4% ao 31,8%. Medran as excedencias solicitadas polos homes, pero nas mulleres hai unha contracción enorme. Forte caída no ano da solicitude de excedencias por coidado familiar pero debido ao caso feminino, e con moita intensidade. Unha das claves pode encontrarse no teletraballo.

O teletraballo pode parecer unha medida de conciliación, pero ten grandes problemas como a imposibilidade de desconexión dixital, interminables xornadas laborais e dispoñibilidade 100% para empresa.

Outro dato que indica quen está a sobrelevar as deficiencias do SAAD é que das 144.539 persoas cuidadoras de persoas con dependencia, 90.718 son mulleres, 63 de cada cen.

Persoas cuidadoras de persoas con dependencia por sexo

| | 2017 |
|--------------|----------------|
| Home | 53.821 |
| Muller | 90.718 |
| Total | 144.539 |

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares


Os datos seguen confirmando como son as mulleres as que asumen o coidado de familiares maioritariamente. Ante esta situación, unha vez máis insistimos na necesidade de contar con permisos retribuídos para o coidado familiar, de carácter individual e intransferibles, para evitar o abandono temporal do emprego ou a renuncia involuntaria a unha promoción profesional por parte das mulleres, por dedicarse ao coidado de familiares, xa sexan fillos ou fillas, ascendentes ou outros familiares.

BRECHA SALARIAL

A mellora do SMI fixo que a brecha salarial mellorara considerablemente no ano 2020

Aínda así, persiste, como consecuencia das desigualdades corroboradas na análise das variables do mercado laboral e outras variables, a brecha retributiva entre mulleres e homes en Galicia, é do 19,1% conforme aos últimos datos cos que contamos de 2020. A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia neste ano foi de 4.829,63 €.

Evolución brecha salarial Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010- 2019. INE.

A brecha salarial en Galicia sitúase no 19,1% de media anual. A brecha así calculada, ten en conta as retribucións medias anuais de mulleres e homes, o número de horas traballadas e a duración do contrato.

Evolución Brecha Salarial en Galicia

| | Mulleres | Homes | Dif M/H | %M/H |
|------|-----------|-----------|------------|------|
| 2004 | 12.713,83 | 17.260,69 | -4.546,86 | 26,3 |
| 2005 | 13.342,46 | 17.974,15 | -4.631,69 | 25,8 |
| 2006 | 14.243,82 | 19.021,50 | -4.777,68 | 25,1 |
| 2007 | 15.007,78 | 19.511,30 | -4.503,52 | 23,1 |
| 2008 | 16.646,42 | 21.105,60 | -4.459,18 | 21,1 |
| 2009 | 17.342,32 | 21.829,80 | -4.487,48 | 20,6 |
| 2010 | 17.691,11 | 22.626,21 | - 4.935,1 | 21,8 |
| 2011 | 17.291,96 | 22.381,85 | - 5.089,89 | 22,7 |
| 2012 | 16.727,15 | 22.059,69 | - 5.332,54 | 24,2 |
| 2013 | 17.258,21 | 22.522,55 | - 5.264,34 | 23,4 |
| 2014 | 17.797,03 | 22.505,05 | - 4.708,02 | 20,9 |
| 2015 | 18.093,26 | 23.189,76 | - 5.026,5 | 22,0 |
| 2016 | 18.294,47 | 23.774,21 | - 5.479,74 | 23,0 |
| 2017 | 18.833,53 | 24.321,64 | -5.488,11 | 22,6 |
| 2018 | 19.543,17 | 24.826,91 | -5.283,74 | 21,3 |
| 2019 | 19.818,26 | 24.542,83 | -4.724,57 | 19,3 |
| 2020 | 20.446,53 | 25.276,16 | -4.829,63 | 19,1 |

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010- 2020. INE.

ACOSO SEXUAL E ACOSO POR RAZÓN DE SEXO

Todas as traballadoras son susceptibles de sufrir acoso sexual e acoso por razón de sexo, pero as máis expostas son as mulleres con peores condicións laborais. Factores de risco como a precariedade ou a realización do traballo en condicións de illamento son determinantes cando se analizan os perfís das vítimas.

Segundo o Informe anual da Inspección de Traballo e Seguridade Social de 2020, no Estado realizáronse 485 actuacións por acoso sexual no traballo, cun resultado de 17 infraccións en acta e 643 persoas traballadoras afectadas, así como 107 actuacións por acoso discriminatorio por razón de sexo, con 4 infraccións e 161 persoas traballadoras afectadas (cun importe de sancións propostas de 43.753 €). Tamén se recolle que se realizaron 246 actuacións en materia de protocolos de acoso sexual, con 14 infraccións en acta e 88 persoas traballadoras afectadas. O importe das sancións propostas en materia de acoso sexual incluíndo o acoso discriminatorio por razón de sexo ascendeu á cifra de 63.094 euros.

A pesar diso, o acoso sexual e o acoso sexista é un fenómeno habitual, normalizado e moi estendido, e tal e como pon de manifesto a Resolución do Parlamento Europeo, do 11 de setembro de 2018, sobre as medidas para previr e combater o acoso sexual e psicolóxico no lugar de traballo, “nos espazos públicos e na vida política da Unión, un gran número de casos de acoso sexual non chega a denunciarse como consecuencia da escasa sensibilización social respecto diso, o medo ao despedimento, a dificultade para conseguir probas, unhas insuficientes canles de denuncia, seguimento e protección da vítimas e a normalización da violencia”.

RESUMO E CONCLUSIÓNS

- ~ Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa do ano 2022 (media anual) do Instituto Galego de Estatística a poboación activa feminina é inferior á masculina en 37.400 persoas.
- ~ A taxa de actividade feminina sitúase a 7,8 puntos por debaixo da masculina. Ademais, as mulleres galega estamos 4,6 puntos por debaixo da taxa de actividade feminina media estatal.
- ~ Destaca o elevado número de mulleres dentro de persoas inactivas por labores da casa. 149.500, mulleres que se dedican a coidar do fogar e da familia sen ningún tipo de remuneración.
- ~ As mulleres son o 56,3 por cento das persoas inactivas, acadando no caso das persoas inactivas por clase de inactividade "Labores do fogar" un 85,5%.
- ~ 38.500 mulleres fronte a apenas 6.200 homes non buscan emprego por dedicarse ao "Coidado de menores ou persoas maiores enfermas", o 86,1%, e 38.900 mulleres e tan só 1.300 homes por "Ter outras responsabilidades familiares", o 77,5%.
- ~ Hai 574.500 homes (taxa de emprego masculino de 51,3%) fronte a 529.200 mulleres ocupadas (taxa de emprego feminino do 43,3%) o que supón 45.300 mulleres ocupadas menos que homes. A brecha de xénero na ocupación é de 8 puntos.
- ~ A segregación no mercado de traballo é outra das constantes do emprego das mulleres. O 84,7% das mulleres ocupadas traballa no sector Servizos. Só un 10% na Industria, 3,3% na Agricultura, gandería, caza e silvicultura, 1,2% na Construción e 0,8% na Pesca e Acuicultura.

- ~ Só en catro das dez principais ocupacións o peso da ocupación feminina é superior á masculina. Polo contrario a presenza das mulleres é moi reducida nas ocupación militares e na de Artesáns e artesás e traballadoras e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (salvo persoal operador de instalacións e maquinaria)
- ~ A temporalidade e o menor número de mulleres con contratos indefinidos indican a precariedade das mulleres e a dificultade que teñen para manter o emprego.
- ~ As mulleres seguen sendo un ano máis as que de forma maioritaria ocupan os empregos a tempo parcial, 119.000 mulleres (o 77% do total) fronte a 35.500 homes están ocupadas a tempo parcial. Na ocupación a tempo completo a situación invértese, os homes ocupados a tempo completo son 539.100 (o 56,8% do total) fronte a 401.100 mulleres (o 43,2%), existindo unha diferenza de 129.000 mulleres ocupadas con xornada a tempo completo menos.
- ~ A taxa de paro feminino é de 12% fronte a 10,1% de taxa de paro masculino. Ademais a brecha de xénero medra nos últimos anos, situándose actualmente a diferenza en 1.9 puntos.
- ~ Por tramos de permanencia no paro destaca que o 54,5% das persoas desempregadas de longa duración (1 ano ou máis) son mulleres.
- ~ As persoas desempregadas que levan na procura de emprego dous anos e máis son maioritariamente mulleres. Ademais, presentan unha evolución moi negativa no caso feminino, aumentan considerablemente, fronte a contracción desta variable no caso masculino.
- ~ A falta de voluntariedade caracteriza o emprego a tempo parcial. O 47,6% no caso das mulleres e 52,7% no caso dos homes que traballan a tempo parcial declaran facelo por non atopar emprego a tempo completo. Cando o motivo de traballar a tempo parcial é por ter que atender responsabilidades familiares e coidado de menores, persoas con discapacidade ou maiores, o 94,6% son mulleres.

- ~ A asunción das tarefas de coidados familiares por parte dos homes aumenta nos permisos retribuídos mentres que os permisos non retribuídos son maioritariamente femininos.
- ~ As reducións de xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres (76,4% do total).
- ~ As excedencias por coidado de familiar son case maioritariamente solicitadas polas mulleres, o 68,2% 827 foron solicitadas no ano 2022 por mulleres, fronte a 385 por homes). É moi destacable a caída das excedencias solicitadas por mulleres no ano 2022.
- ~ Froito destas e outras variables, a brecha retributiva entre mulleres e homes en Galicia é do 19,1% conforme aos últimos datos cos que contamos de 2020. A mellora do SMI fixo que esteamos ante unha das brechas máis baixas, aínda así inasumible. A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia neste ano foi de 4.829,63€.

UGT



Galicia

Gabinete de Igualdade